

Atlántico

Alberto González-Garcés: “Se son quen de transmitir algo aos lectores, para min eso é a felicidade”

Concelleiro en Vigo e ex-director do Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía e do Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar)

[Ana Baena](#) Publicado: 09 abr 2025

https://www.atlantico.net/tv/entrevista-a/alberto-gonzalez-garces-son-quen_1_20250409-3482756.html

Doutor de Bioloxía Mariña, concelleiro en Vigo e ex-director do Centro Oceanográfico de [Vigo](#) do Instituto Español de Oceanografía e do Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), Alberto González-Garcés (Coruña, 1950) visitou o set de **Atlántico TV** para presentar a seu segundo libro, *Somos o que imaxinamos*.

Escolleu os versos para comezar na literatura e agora aposta pola narrativa.

Si, inicieime con poesía en *Alta mar, mar aberta* e neste caso con *Somos o que imaxinamos* escribo de moitas cousas, pero, sobre todo, da imaxinación. Non hai un tema concreto, depende moito das circunstancias. Por exemplo, cando eu despertaba ocorríaseme algunha cousa, reflexionaba sobre ela, concibía un esquema e escribía despois un relato que iba corrixindo máis tarde.

Hai máis reflexión que ficción?

Evidentemente cando un escribe sempre hai moito de si mesmo, de todo o que se leva interiorizado. Hai moita lectura, moita reflexión, un pouco de imaxinación e tamén saio eu.

Hai alusións á mitoloxía, á literatura e hai moitos escritores. Cales son os teus referentes?

Hai moitos como Miguel Carlos Vidal, Cervantes, Borges ou Nélida Piñón. Pero quen está constantemente en tódolos meus libros é o meu pai, Miguel González-Garcés, sempre penso nel. Veño de saber que un grupo de integrantes da Real Academia Galega van propoñelo como candidato a que lle adiquen o Día das Letras Galegas en 2026. Para min é todo un orgullo, aínda que só sexa unha proposta que se ten que cristalizar. Vou por toda da miña parte para conseguir que esa candidatura se converta en realidade. Buscando nas redes ‘candidatura de Miguel González-Garcés’ hai un enlace para poder apoiala.

Pois que coincida coa promoción do seu libro xa é unha boa plataforma.

É unha casualidade fermosísima e magnífica.

Como científico, vencellado o Instituto Oceanográfico, a súa preocupación polos peixes tamén aparece nestas reflexións.

Traballei no mar uns 48 anos, en investigación e tamén en campañas cos barcos de pesca, por iso cada vez que falo de diversos temas saen os peixes por todas partes, nas lecturas ou nas reflexións. Pensei cantos nomearían en *Don Quixote*, un libro de terra adentro, da Mancha. Pois escribín un relato onde falo destas cousas, e invito os lectores que o lean, que vexan que non comía demasiado peixe.

Non embargante afirma que o consumo de peixe está relacionado coa felicidade, non?

Si. Cando queremos facer unha festa, normalmente pensamos en comer peixe ou unha mariscada, produtos do mar. Amais todo o mundo sabe que os peixes, especialmente os azuis, teñen moito omega 3, que facilita o desenvolvemento da serotonina e dopamina, antidepressivos que contribúen á felicidade. Eu animo a consumir peixe.

Remata o libro escribindo sobre o covid.

Falo do covid e adícollo aos sanitarios. Todos sabemos o mal que o pasamos e como sufrimos ata que chegaron as vacinas, non sabiamos que ía pasar. De súpeto toda atención recaeu nos sanitarios, comezamos a aplaudirles dende os balcóns e as fiestras, pero eu penso que debiamos seguir aplaudindo tódolos días da nosa vida, a lo menos na imaxinación. Grazas ao sistema sanitario español e galego, que son unha marabilla, grazas ás persoas, aos sanitarios conseguimos superar a covid. Neste último capítulo quixen felicitar os sanitarios.

Que significa para vostede escribir?

Traballei moitos anos na miña vida, e nun momento determinado, precisamente ca pandemia e coa xubilación, encontrei unha cousa coa que non contaba, o tempo. E vin que tiña tempo para facer cousas diferentes, que podía divertirme e pasalo ben, facendo unha cosa que non fixera ata o momento de unha forma seria, escribir. Non só o paso ben, escribindo aprendo moitísimas cousas. E se son quen de transmitir algo aos lectores, para min é a felicidade. Escribo para ser feliz e para facer felices os demais.